

Galicia Encantada



CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os de Palmeira son tolos

Unha vez os de Palmeira, en Ribeira (A Coruña), botaron a rebato as campás da igrexa. Acudiron os veciños dos pobos de arredor crendo que había lume ou outra desgraza, e descubriron que o motivo de tocaren así era que se ía xuntar a xente para matar unha cobra. E por iso se cantan na bisbarra:

Os de Palmeira son tolos,
que o dixeron os da Poebla,
repinican as campanas
para matar unha colebra!

BIBLIOGRAFÍA

Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey: «Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza» en Arquivo do Seminario de Estudos Galegos II, A Coruña, 1929, páx. 182.